CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as causas das vagas migratorias actuais.	PE	70
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	A través de fontes orais, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.	TI	30
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Analiza dúas pirámides de poboación dun lugar e explica as súas diferenzas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
12	Un mundo de cidades	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.	PE	70
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Explica as causas e consecuencias da evolución do proceso de urbanización.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópoles.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Resalta os cambios sociais e económicos que se producen nas cidades ao longo do tempo.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza as causas do despoboamento rural en España e Galicia a través de mapas xeográficos.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Investiga sobre a evolución da cidade de Vigo, ou doutra que considere relevante para o seu coñecemento.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e inxerencias dos que xurde o verdadeiro proceso de ensino e aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material informático
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Material funxible
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen

totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	6	5	10	10	10	10	10	6
Proba escrita	75	90	95	85	90	80	90	75	70	60
Táboa de indicadores	25	10	5	15	10	20	10	25	30	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	9	100
Proba escrita	70	70	79
Táboa de indicadores	30	30	21

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 80% e a actividade de aula un 20%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, definir vocabulario específico de cada tema; preguntas de desenvolver, curtas ou tipo test; relacionar conceptos; identificar e comentar imaxes ou textos históricos; mapas físicos, gráficas etc.

Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A Actividade de aula comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; exposicións orais, etc.

No caso de ter notas numéricas con decimais, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = \frac{(\text{Nota 1ª aval}) + (\text{Nota 2ª aval}) + (\text{Nota 3ª aval})}{100}$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación

das unidades didácticas suspensas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 80% e a actividade de aula un 20%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, definir vocabulario específico de cada tema; preguntas de desenvolver, curtas ou tipo test; relacionar conceptos; identificar e comentar imaxes ou textos históricos; mapas físicos, gráficas etc.

Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A Actividade de aula comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; exposicións orais, etc.

No caso de ter notas numéricas con decimais, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval}) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval}) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval})] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación das unidades didácticas suspensas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non aprobe as avaliacións poderá recuperalas durante o curso, realizando fichas de reforzo con tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación e fará un exame de recuperación. O traballo será titorizado polo docente para promover unha recuperación positiva. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas. Cualificándose nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). A parte práctica deberá ser entregada no prazo indicado. Para calcular a nota da recuperación considerarase o 80% das probas escritas e o 20% dos traballos e será o resultado de: Nota recuperación da avaliación = [(Nota Ex.+ Media rúbricas T.I.)] Levarase a cabo un redondeo da cualificación e será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. A nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia de cada curso dividirse en dous parciais.

Cada un incluíra aproximadamente a metade dos contidos do curso.

Para superar a materia, os alumnos con pendentes deberán:

- Realizar as actividades de cada parcial que pode descargar a través da Aula Virtual. Estas actividades serán entregadas nos prazos sinalados e devoltas corrixidas polo profesor encargado uns días antes do exame.

- Realizar unha proba parcial ou, de suspender os parciais, unha proba

global.

A nota de cada parcial obterase da media entre a nota conseguida nas actividades e a nota do exame (a nota do exame debe ser igual ou superior a 3 para poder facer media).

No caso de non entregar as actividades no prazo indicado, a nota destas será 0.

Para aprobar a materia é preciso aprobar cada un dos parciais. No caso de non aprobalos, haberá unha proba final na que o alumnado se examinará da parte que teña suspensa ou realizará unha proba global de ter suspedido as dúas probas parciais; na nota desta proba tamén se terán en conta as actividades realizadas (se tiveran sido entregadas).

No caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, haberá unha convocatoria extraordinaria en xuño, na que a cualificación será exclusivamente a do exame.

As datas das probas serán publicadas pola Dirección do centro e na aula virtual.

6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado de 2º ESO é moi heteroxéneo e con distintos ritmos de aprendizaxe. Esta circunstancia determina unha estratexia de colaboración co departamento de orientación que é o encargado de determinar e precisar as distintas necesidades do alumnado de cada grupo. A colaboración coa pedagoga terapeuta do IES Santa Irene é esencia á hora de tabular con alumnado con Necesidades especiais (alumnado con problemas de comprensión, con TDAH, TEA, alumnado con atraso no proceso de aprendizaxe e do alumnado extranjero de recente incorporación. Durante o curso tentarase proporcionar aos alumnos que

o precisen actividades con distintos niveis de profundidade e complexidade. Desenvolveranse diferentes estratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes dos alumnos en función das súas necesidades concretas.

Utilizaremos os contidos do libro de texto que conta con actividades de reforzo e de ampliación para desenvolver estratexias que permitan ao maior número de alumnos/as acceder ás competencias básicas, seleccionando as actividades por niveis de dificultade.

Os distintos tipos de actividade que seleccionemos terán en conta :

- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para aprender por si mesmo .
- A promoción de situacións de aprendizaxe que leven á reflexión.
- O afianzamento de conceptos, traballando os procedementos (textos, imaxes, mapas¿).
- A aplicación dos coñecementos ao contorno do alumno.
- O fomento da participación individual e en grupo.

Promoveremos a realización de traballos, que habitúen ao alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía e outras encamiñadas a fomentar actitudes e valores, como o debate, o xuízo crítico, a concienciación, a tolerancia e a solidariedade.

Buscarase integrar ao alumnado repetidor e facer un seguimento continuado da súa evolución para que non se descolguen da materia.

ACTIVIDADES DE REFORZO

As actividades de reforzo serán seleccionadas polo profesorado que imparta en ese nivel.

Para iso contamos con material no departamento e con material propio do profesor.

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

Pretendemos reforzar nos grupos da ESO os conceptos cunha serie de actividades que incentiven a capacidade cognitiva do alumnado e os seus traballos. Neste senso incentivaremos pequenos traballos de investigación ou proxectos seleccionados polo profesor/a e outros de carácter interdisciplinar en colaboración con Dinamización Lingüística, Orientación e demais departamentos docentes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental		X	X					
ET.3 - Educación para a igualdade		X	X		X		X	X
ET.4 - Emprendemento				X		X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	
ET.4 - Emprendemento	X	X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X			
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X		
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Realización de vidrieiras		X	
Excursións de interese didáctico	Excursión a Castelo de Vilasobroso e Mondariz		X	
Roteiros didácticos	Tramo do Camiño Portugués, entre Arcade e Pontevedra.			X
Outras actividades de interese	Charlas, exposicións, proxeccións de cine	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Ofrece oportunidades de recuperación

Revisa a realización das tarefas propostas
Valoración xeral da materia
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados
Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
É ordenado nas explicacións
É innovador/a
Valora o esforzo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Explica con claridade
Os obxectivos didácticos están ben formulados
Medidas de atención á diversidade
Crea ambiente de aprendizaxe
As actividades foron variadas e motivadoras
Clima de traballo na aula
Emprega variedade de recursos
Resolve dúbidas
Sabe dirixir as clases
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
A temporalización foi adecuada
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Motiva ao alumnado
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación

Descrición:

Cada profesor en cada avaliación por grupo e nivel analizará se a selección e temporalización de contidos e actividades se axusta ao programado.

Estudiarase sé se acadaron os obxectivos propostos e se estes se axeitan as concrecións dos criterios de avaliación e se estes permiten facer un seguimento dos progresos do alumnado.

Entédese a labor de programación como unha tarefa de equipo coordinando o traballo de tódolos profesores do departamento.

Analizarase se a programación permite axustarse ás características, necesidades e intereses do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Cada profesor en cada avaliación por grupo e nivel analizará se a selección e temporalización de contidos e actividades se axusta ao programado.

Estudiarase sé se acadaron os obxectivos propostos e se estes se axeitan as concrecións dos criterios de avaliación e se estes permiten facer un seguimento dos progresos do alumnado.

Entédese a labor de programación como unha tarefa de equipo coordinando o traballo de tódolos profesores do departamento.

Analizarase se a programación permite axustarse ás características, necesidades e intereses do alumnado.

9. Outros apartados